

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DÍA 26 DE XULLO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernández
- D. José Ángel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. María Jesús Novo Gómez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:05 horas do día vinte e seis de xullo de dous mil once, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- DITAME EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 12/2011 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2011

Pola Secretaria dáse lectura do ditame da Comisión informativa permanente especial de contas celebrada o 21/07/2011 que a continuación se reproduce literalmente:

“Sen mais intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade con 5 votos a favor, 2 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo municipal mixto dictaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

42.629 Industria e Enerxía obra Soterramenot LBT no entorno CPI Armando Cotarelo Valledor por 13.888,52€

O suplemento será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día.

Segundo.- Estes gastos son específicos, determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica, ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma.

Cuarto . - O anterior importe de 13.888,52€ queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101.

Quinto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación

inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública”

Sinala o Alcalde que xa foi este punto ditaminado pola Comisión informativa permanente especial de contas , con baixa na partida do orzamento para mercar finca para ampliación da Miniresidencia para facer fronte a aportación municipal de soterramento da linea .

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito, para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

42.629 Industria e Enerxía obra Soterramentot LBT no entorno CPI Armando Cotarelo Valledor por 13.888,52€

O suplemento será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día.

SEGUNDO.- Estes gastos son específicos, determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

TERCEIRO.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica, ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma .

CUARTO . - O anterior importe de 13.888,52€ queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101.

QUINTO.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

2.- DITAME EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2011 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2011

Pola Secretaria dase lectura a ditame da Comisión informativa permanente especial de contas relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de contas por unanimidade con 5 votos a favor , 2 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo municipal mixto dictaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias:

92.636 Servizos xerais, equipos para procesos de información disco duro 60€

33.622 Cultura edificios e outras construcións Cultura, caseta, aloxamento caldeira biomasa 13.814,59€

O crédito extraordinario será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día.

Segundo.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto . - O anterior importe de 13.874,59€ queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101.

Quinto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose ó acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública”

Recorda o Alcalde que a financiación ven de baixa na partida para adquisición de finca para a Miniresidencia e Centro de día e que este expediente de modificación pretende ter créditos para gastos está relacionado coa subvención de caldeira de biomasa na Casa de Cultura para o PAI para construción de caseto para situar a caldeira e para adquisición de disco duro.

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias:

92.636 Servizos xerais, equipos para procesos de información, disco duro 60€

33.622 Cultura, edificios e outras construcións. Cultura, caseta, aloxamento caldeira biomasa 13.814,59€

O crédito extraordinario será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día.

SEGUNDO.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

TERCEIRO.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

CUARTO . - O anterior importe de 13.874,59€ queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101.

QUINTO.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN MEMORIA INICIATIVA PÚBLICA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO 26 DE XULLO DE 2011

Este Concello, en sesión de data 28 de abril de 2011, adoptou o acordo de tomar en consideración e someter a información pública a Memoria acreditativa da conveniencia e oportunidade de exercer a iniciativa pública para desenvolver a actividade de explotación do servizo de Miniresidencia e Centro de día de Boimorto en réxime de libre concurrencia e baixo a forma de xestión directa pola propia entidade local sen órgano especial polo propio aparato burocrático do Concello.

No trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Polo que, de conformidade co disposto na normativa de aplicación e concretamente no artigo 97.1 d) do TRRL, propono que se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Proxecto para o exercicio da actividade económica en relación coa Miniresidencia e Centro de día de Boimorto, en réxime de libre concurrencia, entendendo aprobada definitiva a memoria e xunto con ela o Regulamento de funcionamento do Centro de Día que contén os prezos públicos, o Regulamento de funcionamento do centro da miniresidencia cos seus prezos públicos, regulamentos que entrarán en vigor unha vez publicados no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada por Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezarán a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixentes ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra estes regulamentos poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Constituír o correspondente Servizo e determinar de conformidade coa proposta da Memoria que a forma de xestión será directa pola propia entidade sen órgano especial polo propio aparato burocrático do Concello.

En Boimorto a 22 de xullo de 2011
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Di o Alcalde que o Pleno xa aprobou a exposición pública desta memoria e que agora coa nova Corporación é necesaria a aprobación definitiva.

O voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro dirixíndose á Alcaldía propón que non sexa o órgano de xestión o Alcalde, senón que se aperture o órgano de xestión a outros asesores e grupos políticos do Concello, considerándose máis axeitado para mais control

O Alcalde indica que a xestión directa do servizo leva unha participación do Concello, o presuposto apróbbase polo Concello non polo Alcalde, a xestión terá repercusión en tódolos servizos do Concello, o Director non é o Alcalde, estarán un Psicólogo e un cargo de asistencia social, que hai control tamén pola Asamblea Xeral e que o Pleno e soberano e o Pleno e o órgano competente para cambiar a proposta de xestión desta memoria.

O voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro sinala a proposta de abrí o órgano de xestión ó resto de forzas políticas..

O voceiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas di que o proxecto é serio que non e necesaria representación similar á composición do Pleno pero si maior presenza de representantes da Corporación, reclama transparencia absoluta na xestión e representación da Corporación municipal.

Di o Alcalde que foi a Secretaria quen fixo a parte xurídica, polo que pide a intervención da Secretaria para exposición xurídica do funcionamento e sinala que se crea unha Comisión de avaliación e seguimento do funcionamento da residencia.

O concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro di que este é un proxecto político e non xurídico, e segue reclamando a presenza do seu grupo nun órgano de xestión .

O Alcalde expón que a memoria cumpre a lei, que a xestión directa non só é do Alcalde que os políticos non poden ir por encima da lei nin inventarse nada; que o goberno estará aberto a todas as opinións dos demais grupos e que o proxecto estivo exposto e nadie presentou alegacións .

O Alcalde dálle a palabra á Secretaria que di que o poder e control polo Pleno en rogos, preguntas, mocións, solicitudes de plenos extraordinarios, e polos concelleiros con todos os medios legais a súa disposición está para usalo.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas di que a proposta de participación doutros grupos municipais non é para por zancadillas senón para supervisión e futuro independente do centro .

Di o Alcalde que as modificacións que propoñen supoñen un novo inicio de expediente e exposición pública, que queden recollidas en actas as suxerencias dos demais grupos políticos e siga o expediente.

Os dous voceiros dos grupos da oposición manifestanse a favor desta proposta sinalando que non queren paralizar o proxecto.

O voceiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luis Rivas pregunta se tiveron en conta o posible voluntariado nas actividades da Miniresidencia e Centro de día.

Dálle a palabra o Alcalde á Secretaria que di que se que pola Axente local de emprego tramitouse expediente para poder o Concello de Boimorto ter persoas voluntarias prestando os seus servizos .

Di o Alcalde que o Concello ten que asumir custes de seguro.

O voceiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luis Rivas di que lle preocupa como a posta en marcha deste servizo vai sobrecargar ó persoal do Concello e o bo rolo deste persoal.

Explica o Alcalde que na parte económica sinálase a incorporación de persoal a partir da obtención de beneficios .

Pregunta o voceiro do grupo mixto que van poder asumir os servizos municipais esta sobrecarga de traballo sen mermar outros servizos .

Contesta o Alcalde que non podía iniciar a posta en marcha contratando todo o persoal, disparábanse os precios, di que valorando algúns cursos, actividades que non teñen o resultado desexado actualmente , prestaríanse na Miniresidencia e Centro de día para eses usuarios , di que ten que rentabilizar os recursos actuais que tal e como está a situación económica van faltar moitas subvencións que Boimorto ten unha dependencia de financiación externa dun 80% e o faltar esas subvencións para manter plantilla é necesario recolocar persoal e que se adiquen a posta en marcha deste servizo .

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP se o persoal que temos no Concello vai deixar de estar alí para ir á Miniresidencia.

Resposta o Alcalde que el non dixo iso que o que di é que non se poden manter todos os servizos actualmente existentes sen subvencións .

Di o concelleiro D. Gonzalo Concheiro que parece que durante tres anos vamos depender da vontade dos técnicos municipais.

Resposta o Alcalde que vaise cumprir co horario e condicións laborais.

Que pretende unha oferta de prezos baixos e non quere que o novo centro vaia endeudar o Concello .

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas dille o Alcalde que teña coidado con outros servizos que non baixen a súa calidade por exemplo servizos sociais .

Di Alcalde que cada servizo que se creou, que foron moitos, non afectou ós demais e que non pode ter o persoal parado menos coa desaparición de alomenos o 30% de financiación que tiña por subvención , que o que busca e adiantarse á baixada de subvencións , que no cadro de persoal non se contempla en tódolos casos xornadas completas.

Continúan o concelleiro do grupo mixto co Alcalde, debate sobre a sobrecarga de traballo coa posta en marcha deste servizo e sobre como dar cobertura nas vacacións , festivos,..

O Alcalde di que confía nos traballadores do Concello que están preparados, que sabe que a posta en marcha e difícil e por iso iníciase dende o Concello .

Pregunta o concelleiro do grupo mixto polas subvencións de dependencia para usuarios da Miniresidencia e Centro de día , resposta o Alcalde explicando a prioridade de acceso dos mais dependentes e as subvencións que obteñen os usuarios dependentes.Di o Alcalde que o Pleno e soberano para cambiar a forma de xestión que o que pretende é crear e por en funcionamento un novo servizo e crear postos de traballo .

Pregunta o concelleiro do grupo mixto se a previsión de ocupación e real .

Resposta o Alcalde que non se realizará apertura ata unha ocupación do 80%.

Pregunta o voceiro do grupo do PP se hai reserva preiva .

Resposta o Alcalde que si, previa valoración por órgano competente como pon o regulamento, igual que no PAI ou no Centro de maiores di que hai que ir pouco a pouco .

Pregunta o voceiro do grupo mixto pola selección de persoal .

Di o Alcalde que están estudando a posibilidade dun previo obradoiro de emprego, iniciativa do propio Concello para formar xente capaz, primeiro contratos formativos e logo análise do futuro na residencia .

Intervén Secretaria a que dálle a palabra á Alcaldía para dicir que en todo caso para o acceso ós distintos postos será necesario pasar procesos selectivos en cumprimento da normativa vixente.

Di o Alcalde que non quere crear unha carga para o Concello .

Pregunta D. Gonzalo Concheiro de as bases de selección van vir ó Pleno, resposta o Alcalde que non, xa que non é competencia do Pleno pero que si terán publicidade e informes de secretaria, sinala a Secretaria que aprobar un acto por órgano non competente é nulidade de pleno dereito e que a competencia en bases de selección de persoal é do Alcalde.

Di o Alcalde que é moi importante o tema de selección de persoal , e que o seu equipo de goberno tenlle respecto a este proxecto e defende a xestión directa e a súa posta en marcha, xa que hai que facelo.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Proxecto para o exercicio da actividade económica en relación coa Miniresidencia e Centro de día de Boimorto, en réxime de libre concurrencia, entendendo aprobada definitiva a memoria e xunto con ela o Regulamento de funcionamento do Centro de Día que contén os prezos públicos, o Regulamento de funcionamento do centro da miniresidencia cos seus prezos públicos, regulamentos que entrarán en vigor unha vez publicados no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada por Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezarán a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixentes ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra estes regulamentos poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Constituír o correspondente Servizo e determinar de conformidade coa proposta da Memoria que a forma de xestión será directa pola propia entidade sen órgano especial polo propio aparato burocrático do Concello.

4.- PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL 2010

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día :

“Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 18/05/2011 , en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2010 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Entendido procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2010 no obstante o cal previa exposición ó público o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2010 durante quince días e oito mais , non constante , reclamacións nen observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2010 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.-Rendir a Conta Xeral do exercicio 2010 ante o Tribunal de Contas

En Boimorto o 22/07/2011

O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2010 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.-Rendir a Conta Xeral do exercicio 2010 ante o Tribunal de Contas.

5.- DACIÓN DE CONTA COMPOSICIÓN FINAL COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS

Pola Secretaria dáse lectura literal dos escritos de comunicación cos concelleiros para ser membros da Comisión informativa permanente especial de contas, presentados polos voceiros dos grupos municipais e que se reproducen literalmente, en relación co nomeamento de concelleiros para formar parte da Comisión informativa especial de contas :

Escrito con rexistro de entrada 1056 en data 11/07/2011

“D^a Ana Ledo Fernández , portavoz do grupo municipal do PsdG -PSOE, comunico que os concelleiros designados para formar parte da Comisión informativa especial de contas son:

José Ignacio Portos Vázquez

Álvaro Fontecoba Vázquez

E como suplentes Ana Ledo Fernández e José Ángel Rey Seoane.

....

Escrito con rexistro de entrada 1049 en data 11/07/2011

“D. Gonzalo Concheiro Coello, como portavoz do grupo municipal do PP, comunico á Alcaldía que os concelleiros do meu grupo que van formar parte da Comisión informativa especial de contas son:

D^a M^a Jesús Novo Gómez e D. Elisardo Montero Castro, así como suplentes D. Antonio Costoya Duro e D. Jesús Modia Seren

....”

Escrito con rexistro de entrada 1046 en data 8/7/2011 asinado por D. Xosé Luis Rivas : “ Pola presente comunico a Vde que o grupo municipal do BNG de Boimorto designa como integrante da Comisión Especial de Contas ó seu único concelleiro Xosé Luis Rivas Cruz

...

O concelleiro do grupo municipal do PP, D. Gonzalo Concheiro, pide a palabra para expresar a necesaria felicitación ós técnicos que fixeron a memoria da Miniresidencia e Centro de día . O Alcalde di que a felicitacion é de todo o Pleno e tamén para o Pleno por tomar esta decisión tan importante .

O concelleiro D. Gonzalo Concheiro di que dende o PP vaise apoiar esto onde sexa.

Di a Alcaldía que agradece esa postura .

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas di que se suma a esa felicitación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a seis de outubro de dous mil once. =====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez